

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación da obra “**Mellora de camiños 2018 (PDR)**” iniciado por Providencia de Alcaldía de data 6 de setembro de 2018, que serviu tamén de xustificación da solución contractual proposta.

Atendido que constan no mesmo:

--Documento de retención de crédito (RC).

--Pregos de Prescricións Técnicas

--Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

--Informe da Secretaria dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares de data 10 de setembro de 2018.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención municipal na data 10 de setembro de 2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda da LCSP, e Decreto de delegación nº 682/2015 de 15 de xuño.

Visto o recollido no artigo 10 da Lei 40/2015 respecto a avocación da delegación de competencias

Visto todo o anterior e en aras das competencias que ao abeiro da lexislación vixente me corresponden, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra de “**Mellora de Camiños 2018 (PDR)**”

TERCEIRO. Autorizar, pola contía de 149.812,92 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2018.

CUARTO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de obra de “**Mellora de Camiños 2018 (PDR)**” por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

QUINTO. Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante.

SEXTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.